

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 07 DE SETEMBRO DE 2007.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL SEETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>a</sup> OFELIA REY RECIMIL** e o concelleiro **D<sup>o</sup> JAVIER CUIÑA MACEIRA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **D<sup>a</sup> MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2º.- CONTRATACIÓN.-**

**3º.- SUBVENCÍONS.-**

**4º.- URBANISMO.-**

**5º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**1.1.-** Escritos de **ESPINA & DELFÍN S.L.**, Rexistro de Entrada nº 4000, de data 05 de setembro 2007, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de agosto de 2007 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Gil Fernández Oscar	Rúa da Estación, 22-4G (Silleda)
Promociones Inmobiliarias H&M, S.L.	Rúa D-Esq. Gral. Franco (Obra) (Silleda)
Martínez Conde Pablo	Rúa da Estación, 22-4A (Silleda)
Tovmach Nataliya	Rúa F, s/n - 3H (Silleda)
Carreira Iglesias M <sup>a</sup> del Carmen	Rúa F, s/n - 1H (Silleda)

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Fernández García José Ramón	Rúa República Argentina, 11-2A (Silleda)
Pereiro Lázara Manuel	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-2H (Silleda)
Vázquez Pedreira David	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-3D (Silleda)
Pérez Filloy Julio	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-2A (Silleda)
García Álvarez Eugenio	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-3A (Silleda)
Blanco Calviño Laura	Rúa F, s/n - 1D (Silleda)
Balo García Elena	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-4G (Silleda)
Rodríguez Rodríguez José Luis	Rúa María Colmeiro, 2-4C (Silleda)
Taboada Sanmiguel Julio	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-4F (Silleda)
Villanueva Carreira Fernando	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-1C (Silleda)
Pérez Filloy Alberto	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-4I (Silleda)
Rodríguez Fernández Marcos	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-4A (Silleda)
Rodríguez Choren Francisco J	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-3B (Silleda)
Vidal Galego Luis	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-4C (Silleda)
Lareo Hermida Luz Divina	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-3H (Silleda)
Pérez Domínguez Enma	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-4J (Silleda)
García Meije Antonio	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-2G (Silleda)
López Pérez José Manuel	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-3E (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado destas solicitudes ó Fontanero Municipal para seu informe, o cal será elevado a esta Xunta de Goberno Local para súa aprobación se procede.

**1.2.-** Escrito do Servicio de Acción Social da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 3940, de data 03 de setembro de 2007, comunicando que na convocatoria publica para a selección de municipio participantes na creación de servizos locais de apoio ó comercio, no marco do proxecto Mercurio, e reunida a comisión constituída ó efecto con data 30 de agosto de 2007, e tendo examinada a documentación presentada por este Concello, este non foi seleccionado por non ser dos catro que acadaron maior puntuación.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**1.3.-** Escrito de Dº José María Belenguer Márquez, Rexistro de Entrada nº 3999, de data 05 de setembro de 2007, en relación os danos producidos na súa vivenda situada na rúa E, nº 12 de Silleda, por mor das obras realizadas no solar nº 8 da mesma rúa, sendo a empresa constructora Construcciones Agustín Chaira, S.L. (Silleda), polo que solicita diversa documentación da obra realizada no solar nº 8 como informe do técnico municipal dos danos

ocasionados, documentación aportada para a obtención da licenza de obra, en especial o estudio técnico sobre as características do terreo, nome do Arquitecto responsable da mesma, etc.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Alcaldesa-Presidenta, acorda dar traslado deste escrito á oficina técnica municipal para que remita a Dº José María Belenguer Márquez a documentación solicitada.

**1.4.-** Escrito de Dº Ramón Rodríguez Espiño, Rexistro de Entrada nº 4007, de data 06 de setembro de 2007, en calidade de Presidente da Asociación AFACA, solicitando diversa documentación do Proxecto da linea eléctrica entre Couto San Sebastián-Portodemouros, que vai a construír a empresa Fenosa, e que afecta as parroquias de Cervaña, Lamela e Moalde.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á oficina técnica municipal para que remita a Dº Ramón Rodríguez Espiño a documentación solicitada.

**1.5.-** Escrito da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 3813, de data 24 de agosto de 2007, sobre a entrega de 20 contedores de envases.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**1.6.-** Escrito do Servizo de Relacións Laborais da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Rexistro de Entrada nº 4023, de data 07 de setembro de 2007, remitindo copia do Decreto 152/2007, de 19 de xullo, (DOG nº 151 do 6 de agosto) sobre calendario laboral para o ano 2008, polo que solicitan que este Concello faga a correspondente proposta de festas locais, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do R.D.L. 1/1995, de 24 de marzo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito e levalo o vindeiro Pleno ordinario.

## **2º.- CONTRATACIÓN.-**

### **Expediente de contratación do servizo de desbroce de pistas municipais.**

Dada a necesidade e conveniencia de que por parte do Concello se proceda á contratación do servizo de desbroce de pistas e camiños no termo municipal, debendo tramitarse a estes efectos o oportuno expediente de contratación, ó abeiro do disposto no artigo 67 do TRLCAP,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Que pola Secretaria se emita informe en relación co procedemento a seguir e a Lexislación aplicable.

2.- Que por parte da Interventora se emita informe sobre a existencia de consignación suficiente para autorizar o gasto da contratación referenciada, así como do importe dos recursos ordinarios do Presuposto en vigor e a porcentaxe que supón a contratación en relación con tal importe.

3.- Que se redacte o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato de servizos de desbroce de pistas e camiños no termo municipal polo procedemento negociado sin publicidade, por razón da contía, de conformidade co disposto no artigo 210 h) do TRLCAP.

### **3º.- SUBVENCIONS.-**

**3.1.-** Escrito da Delegación Provincial de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Rexistro de Entrada nº 4024, de data 07 de setembro de 2007, remitindo resolución do Delegado Provincial en relación ó expediente VP421A 2007/5-5, pola que se concede a este Concello unha subvención por un importe de 4.853,40 € para levar a cabo o programa de educación familiar ó abeiro da Orde do 31 de xaneiro de 2007 (DOG nº 27 do 7 de febreiro de 2007).

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda remitir este escrito a Intervención e a Concellería de Servizos Sociais do Concello de Silleda.

### **4º.- URBANISMO.-**

#### **4.1.- Actividades Clasificadas:**

**4.1.1.-** Visto o expediente instruído a instancia de FUNDACIÓN Mª SEOANE COLMEIRO, solicitando Licencia de actividade correspondente a Gardería, a situar na rúa Mª Colmeiro, nº 4-baixo (Silleda).

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de 03 de decembro de 2002, se concede licenzia provisional de actividade á licenzia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, e informe xurídico municipal, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva.

Visto que, polo interesado se presenta certificación do Enxeñeiro Industrial, Dº José Luis Pérez Donsión, de que as aulas dedicadas a gardería se adaptan á normativa vixente en materia de accesibilidade e protección contra incendios (Rexistro de Entrada nº 3835, de 28.08.07).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Asesor Técnico Municipal, de data 04 de setembro de 2007, acorda a concesión de licenzia de actividade á FUNDACIÓN Mª SEOANE COLMEIRO, para apertura de Gardería, a situar na rúa Mª

Colmeiro, nº 4-baixo (Silleda).

**4.1.2.-** Examinado o expediente promovido por D<sup>a</sup> MARIA JESÚS SILVA ALÉN, en virtude de instancia nº 2468 de data 05 de xuño de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a óptica, situado na rúa Xeneral Franco, nº 61 baixo (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta Técnica D<sup>a</sup> Araceli Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 04 de xuño de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

**RESULTANDO:** Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

**RESULTANDO:** Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 03 de setembro de 2007.

**CONSIDERANDO:** Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e a súa adecuación ao medio ambiente.

**CONSIDERANDO:** Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Sra. Alcaldesa-Presidenta, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 2468/07 instada por D<sup>a</sup> MARIA JESÚS SILVA ALÉN, para apertura de local para dedicalo a óptica, situado na rúa Xeneral Franco, nº 61 baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

**4.2.-** Escrito de D<sup>o</sup> Antonio Rodríguez Loureiro, actuando en calidade de representante da entidade “EDIFAR DESARROLLOS URBANOS, S.L.”, Rexistro de Entrada nº 3982, de data 05 de setembro de 2007, indicando que é propietario da parcela sinalada co nº 2, segundo proxecto de segregación e licenza municipal otorgada por esta Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de agosto de 2007, cunha extensión de 158,04 m<sup>2</sup>, sendo os seus lindes: Norte, Hrdos. de Daniel Vázquez Armada; Sur, Parcela nº 1

resultante da segregación; Este, parcela nº 3 resultante da segregación e Oeste, rúa M<sup>a</sup> Colmeiro (adxunta plano da finca); e que pretende cedela gratuitamente o Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a cesión anteriormente mencionada.

**4.3.-** Escrito de CONSTRUCASA GALICIA, S.L., indicando que é propietaria dun terreo situado na rúa nova-rúa Pontevedra, cunha superficie de 34,54 m<sup>2</sup> e que linda por todos os seus aires con terreos propiedade de Construcasa Galicia S.L.; e que pretende cedela gratuitamente o Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar a Construcasa Galicia S.L. a presentación dun plano no que se indique a ubicación da finca e os m<sup>2</sup> que se ceden.

**4.4.-** Escrito de D<sup>o</sup> Antonio Rodríguez Loureiro, en calidade de administrador da entidade CASAS NOVAS 2001 PROMOCIONES, S.L., Rexistro de Entrada nº 3966, de data 04 de setembro de 2007, no que expón que é titular da licenza municipal de obra maior nº 2025/07, otorgada pola Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión de 04 de xuño de 2007. Que, debido a un cambio de titularidade, a promoción de dita edificación pasa a ser realizada pola entidade EDIFAR DESARROLLOS URBANOS, S.L., con C.I.F. B-36.559.417, e domicilio social na rúa San Isidro, nº 2 de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, queda enterada.

#### **4.5.- Licencias de Obra Maior:**

**4.5.1.-**A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnico e xurídico, acorda por unanimidade:

1<sup>o</sup>.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: OBRAS TÉCNICAS DE GALICIA, S.L. (OBRATEC), con domicilio na rúa Avda. da Estación, nº 14 (Silleda).
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Construcción de edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, tres plantas altas para 18 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros. Proxecto básico visado polo Colexio Oficial correspondente en data 13 de agosto de 2007.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: rúa República Arxentina, nº 10, esquina coa rúa Alfonso Trabazo (Silleda)
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecto D<sup>o</sup> Antonio R. Albacete Jiménez.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 1.086.055,50 € (execución material)
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no

informe do asesor técnico municipal, de data 04 de setembro de 2007, no que se sinala:

*1º.- Á presentación do acordo co colindante para ocupar a totalidade da fachada (artigo 185 do PXOM de Silleda).*

*2º.- A presentación do Proxecto de Execución (asinado por técnico competente e visado polo Colexio profesional correspondente).*

*3º.- Á presentación do Proxecto de Infraestrutura Común de Telecomunicacións (asinado por técnico competente e visado polo Colexio profesional correspondente).*

*4º.- Á presentación do Estudio de Seguridade e Saúde (asinado por técnico competente e visado polo Colexio profesional correspondente).*

*5º.- Á presentación do oficio de Dirección Técnica das obras (asinado por técnico competente e visado polo Colexio profesional correspondente).*

*6º.- Á presentación dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de tódolos servizos urbanos danados como consecuencia das obras realizadas no casco urbano, de acordo coas disposicións técnicas dos servizos municipais.*

*A non presentación da documentación solicitada entenderase informe desfavorable de caa á concesión da licenza de obra.*

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licenza e data da licenza, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 3782/07.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 e 24.436,25  que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

## **5º.- INTERVENCIÓN.-**

**5.1.-** Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00007-07, de data 07 de setembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 63.674,69

**5.2.-** Dase conta da liquidación do presuposto do exercicio 2006 e informe de

Intervención, onde se reflexa, entre outros datos, o análise do resultado presupostario seguinte:

- Dereitos recoñecidos netos	4.675.778,56	□□□.
- Obrigas recoñecidas netas	5.038.066,38	□□□
- Resultado antes de axuste	-362.287,82	□□□
- RESULTADO AXUSTADO	127.625,86	□□□

Asimesmo, para o exercicio 2006, o remanente líquido de Tesourería total da entidade presenta un importe negativo de -511.263,22 □□□, polo que o remanente de Tesourería para gastos xerais ascende a cifra negativa de -2.358.116,08 □□□.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á liquidación do presuposto do exercicio 2006.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,